

PUESTO	Nº POSTOS	GRP.	CD	OBSERVACIÓN
CULTURA				
Administrativo	1	C1	20	Vacante
Animador S.C.	1	A2	23	
Animador-monitor act.cult.	2	C2	16	
Aux.Admvo.	1	C2	16	
DEPORTES E XUVENTUDE				
Aux.Coordinador de deportes	1	C2	16	
Aux.Admvo.	1	C2	16	
Aux. Encargado de la OMIX	1	C2	18	
Vixilante Nocturno	1	E	13	
BIBLIOTECA				
Bibliotecaria	1	A2	23	Vacante
Auxiliar biblioteca	1	C2	16	Vacante
TURISMO				
Auxiliar turismo	1	C2	16	1 Vacantes

Lalín, a 27 de decembro de 2012.—O alcalde, D. José Crespo Iglesias.

2012012135

* * *

MARÍN

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2012 o REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MARIN, exponse ó público o texto íntegro da devandita regulamentación ó abeiro do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MARIN

O presente Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar foi aprobado inicialmente por acordo plenario de data 14 de marzo de 2005 e publicada no BOP nº 155 do 12 de agosto de 2005, as súas modificacións posteriores publicadas no BOP nº 124 do 27 de xuño de 2008 e nº 188 de 29 de setembro de 2009 o abeiro das modificacións operadas no texto para a súa adaptación á Orde do 22 de xaneiro de 2009 reguladora do servizo de axuda no fogar.

Na actualidade e o abeiro da publicación de novas normativas das administración estatal e autonómica, procede a modificación do derradeiro documento coa finalidade de adatar o texto á lexislación vixente.

A normativa que o regula inscríbese dentro do ámbito de actuación das seguintes disposicións legais:

- Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia
- Lei 39/2006 do 14 de decembro, da Xefatura do Estado, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Real Decreto 727/2006, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e contía das prestación económicas da Lei 39/2006.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 da Consellería de traballo e Benestar Socail, pola que se regula o servizo de axuda no fogar
- Decreto 254/2011 do 23 de decembro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

- Orde do 2 de Xaneiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.
- Resolución de 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a mellora do sistema para á autonomía e atención á dependencia.

CAPÍTULO I

ARTIGO 1º. FINALIDADE DA ORDENANZA.

A finalidade da presente ordenanza é regular o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no termo municipal do Concello de Marín, en exercicio das potestades regulamentarias e de programación, conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O SAF, como programa de actuación desenvolvido polo Concello de Marín, mediante a presente Ordenanza reguladora do SAF inscríbese no ámbito de actuación das competencias municipais, atribuídas aos Concellos polo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais.

Así mesmo a presente Ordenanza enmarcase no establecido na Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e demais normativa estatal de desenvolvemento, así como a normativa de carácter autonómico, entre outra, Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 2 de Xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ARTIGO 2º.–DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

O Servizo de axuda no fogar (SAF), que ten por obxectivo xeral prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.

Son obxectivos xerais a mellora da calidade de vida das persoas ou familias con dificultades de autonomía persoal e integración no seu medio habitual. Preténdese así evitar o illamento, fomentar a convivencia, a participación na vida comunitaria e evitar a posible institucionalización.

Son obxectivos específicos:

- Previr situacións de crise persoal e/ou familiar, prestando apoio persoal e social.
- Evitar o desarraigamento e a institucionalización innecesaria de persoas que, con apoio e atención, poidan permanecer no seu contorno.
- Contribuír á creación de hábitos axeitados para garantir unhas condicións mínimas de vida.
- Evitar o illamento e favorecer a comunicación e a interrelación persoal, así como a participación na vida comunitaria.
- Facilitar a autonomía persoal no medio habitual para o logro dun maior benestar e mellora da calidade de vida
- Apoiar a grupos familiares a asumir as súas responsabilidades con respecto á atención dalgún membro que o necesite.
- Favorecer a participación nas actividades da vida comunitaria.

ARTIGO 3º.—NATUREZA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1.O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

2.O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3.Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar regulado na sección terceira deste capítulo, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

ARTIGO 4º.CONTIDO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. No servizo de axuda no fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.
- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- d) Ademais, para os supostos expresados no número 3 do artigo anterior, as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

2. O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía a domicilio.
- e) Servizo de fisioterapia a domicilio.

3. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, no cal se recollerá o contido particular das atencións que se prestarán, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.

4. En todo caso, e sen prexuízo da execución de todas as tarefas contidas no correspondente acordo de servizo, o conxunto de atencións do programa de axuda no fogar terá un carácter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

*CAPITULO II**ARTIGO 5º.—PERSONAS DESTINATARIAS.*

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3. Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, a ordenanza municipal reguladora do servizo establecerá os sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á recollida no parágrafo anterior.

ARTIGO 6º.—DEREITOS DAS PERSONAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

ARTIGO 7º.—OBRIGAS DAS PERSONAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen na Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. Facilitar toda a información e datos que lle sexan requiridos e que resulten necesarios para recoñecer ou manter o dereito ao servizo.
4. Facilitar cantas comprobacións ou visitas a súa residencia habitual sexan necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos e circunstancias exixidas para ser persoa beneficiaria do servizo.
5. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

6. Comunicar, cun prazo máximo de 30 días naturais contados desde que a dita variación se produza, dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que poidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

7. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

8. Comunicar, cun prazo previo de 30 días naturais, os traslados da súa residencia habitual, tanto aqueles de carácter temporal como os definitivos.

En circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que poidese impedir a prestación do servizo.

O servizo de axuda no fogar non elimina nin substitúe as actividades que o/a propio/a usuario/a poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

ARTIGO 8º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia expresa da persoa usuaria ou seu representante. Entenderase igualmente por renuncia non proceder a alta nos servizo no prazo fixado por causa imputable á persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello, cando este traslado significa a imposibilidade de prestar o servizo, así como nos supostos de traslado definitivo da súa residencia a outra Comunidade Autónoma.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) A perda dalgún dos requisitos exixidos na normativa vixente para a súa percepción.
- i) A ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que deben ser tidos en conta para a concesión do servizo que determinase a imposibilidade do seu disfrute ou a variación nas condicións deste.
- j) A percepción doutra prestación incompatible.
- k) O transcurso do prazo máximo establecido para a suspensión do servizo sen que a persoa beneficiaria se incorpore ao seu disfrute do mesmo.
- l) Por calquera outra causa establecida para o efecto na normativa vixente.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

ARTIGO 9º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO:

Son causa de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar, logo da tramitación do correspondente expediente e informe razoado dopersoal técnico coordinador do servizo, as seguintes:

- a) O servizo de axuda no fogar suspenderase temporalmente durante o internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria, durante a súa estadía temporal nun centro de atención residencial ou no suposto de ausencia temporal no domicilio, nos cales se poderá suspender por un período máxima de tres meses. No suposto de ausencia temporal do domicilio a persoa beneficiaria deberá de acreditar as causas que motiva a súa ausencia. Para estes efectos, tales circunstancias deberán ser obxecto de comunicación nos termos establecidos nos artigos 6º e 7º do presente regulamento.

- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO III *DA PRESTACIÓN DO SERVIZO*

ARTIGO 10º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS.

1.—O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de grado, diplomatura universitaria ou equivalente na área de servizos sociais.

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, ou equivalentes.

3. A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo, que recollerá como mínimo a información contida no anexo II deste regulamento.
- c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá a información contida no modelo do anexo III deste regulamento.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

4. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

ARTIGO 11º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será prioritario e directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Resolución de 13 de xullo de 2012, da Secretaría do Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Para estes efectos o Concello procederá a dar de alta as persoas en agarde de acordó coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réximen de libre concorrancia en aplicación dun baremo público que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, ou apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida. En ausencia de baremo propio, poderase empregar o recollido no anexo I deste regulamento.

ARTIGO 12º.—CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTO.

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.

2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

3. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:

- a) O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado neste regulamento.
- b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador ou traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
- d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, que poden delegar esta competencia da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo de servizo regulado no artigo 10º.3.c. deste regulamento.

5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

6. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: persoal técnico titulado en integración social, persoal titulado en educación social ou titulado en traballo social.

ARTIGO 13º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoausuaria e do informe técnico expresado no artigo anterior.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4º.1 e 2, todos os días da semana.

3. Para as persoas que ingresen no Sistema de Atención á Dependencia, a partir da entrada en vigor da Resolución de 13 de xullo de 2012 que reforma a clasificación da situación de dependencia exclusivamente en 3 grados, a intensidade hora/mes para o servizo de Axuda no Fogar será:

- Grado III: Entre 46 e 70 horas/mes.
- Grado II: Entre 21 e 45 horas/mes.
- Grado I: Máximo de 20 horas/mes.

4. Para as personas que na entrada en vigor da mesma reforma, xa tiveran recoñecido o grado e nivel, a intensidade para a Axuda no Fogar será:

- Grado III, nivel 2: Entre 56 e 70 horas/mes.
- Grado III, nivel 1: Entre 46 e 55 horas/mes.
- Grado II, nivel 2: Entre 31 e 45 horas/mes.
- Grado II, nivel 1: Entre 21 e 30 horas/mes.
- Grado I, niveles 1 e 2: Máximo de 20 horas/mes.

5. Nos restantes casos a intensidade do servizo farase efectiva tódolos días laborais da semana, ata un máximo de 60 horas mensuais, en horario normalizado de 8.00 horas ata as 22.00 horas, de luns a venres durante todo o ano, e excepcionalmente, os sábados, domingos e días feriados, agás os días 24 e 31 de decembro e xonves e venres santos, en que se prestarán os servizos imprescindibles. Esta excepcionalidade terá que vir informada no correspondente informe social da Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios.

CAPITULO IV

ARTIGO 14º.—FINANCIAMENTO.

1. O Concello de Marín consignarán nos seus orzamentos as cantidades necesarias para garantir a viabilidade dos servizos da súa competencia.

2. O concello aprobará e xestionara o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas.

3. Este artigo e posteriores teñen por obxecto establecer criterios mínimos para a determinación da capacidade económica persoal das persoas beneficiarias e a súa participación económica no coste do servizo na modalidade do sistema para a autonomía e atención á dependencia e na modalidade de acceso por libre concorrencia.

4. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

5. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

ARTIGO 15º.—Determinación da capacidade económica das persoas beneficiarias do Sistema de Autonomía e Asistencia á Dependencia:

1. Determinación da capacidade económica persoal.

A capacidade económica das persoas beneficiarias do SAAD determinarase en atención a súa renda e patrimonio.

A capacidade económica persoal do beneficiario será a correspondente a súa renda, incrementada nun 5 por cento do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, nun 3 por cento dos 35 aos 65 anos e nun 1 por cen aos menores de 35 anos.

Para a determinación da capacidade económica persoal, incluída a determinación das cargas familiares, será de aplicación, con carácter supletorio ao establecido no presente documento, a normativa correspondente aos impostos sobre a Renda das Persoas Físicas e do Patrimonio.

2. Criterios para a determinación da renda.

Considerase renda os ingresos da persoa beneficiaria, derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outros substitutivos de aqueles, atendendo a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, ou, no seu caso, as normas fiscaies que poideran ser de aplicación.

Entenderase como renda persoal, nos casos de persoa beneficiaria con cónyuxe en réxime de ganancias ou de participación de bens, ou cando se presente declaración conxunta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

O abeiro das rentas derivadas dos seguros privados de dependencia, a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, estarase a o que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou, no seu caso, po las comunidades autónomas con competencia fiscal na materia.

Nos ingresos das persoas beneficiarias non se tendrán en consideración como renda a cuantía das prestacións de análoga natureza e finalidade recogidas no artigo 31 da Lei 39/2006, de 14 de decembro.

No terá a consideración de renda a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de xénero e aquelas axudas de igual contido que haxan podido establecerse pola comunidade autónoma.

3. Criterios para a determinación do patrimonio

Considerase patrimonio da persoa beneficiaria o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular, con deducción das cargas e gravámens que diminúan o seu valor, así como das deudas e obrigacións persoais das que deba responder, de conformidade coas normas fiscais que, no seu caso, poideran resultar de aplicación. Neste caso, o valor a computar será o valor catastral da vivenda o, en su defecto, el valor escriturado, aplicada la exención que por vivenda habitual establezca, en su caso, la normativa del Impuesto sobre el Patrimonio. Non se computará a vivenda habitual.

A estes efectos, enténdese como persoas a seu cargo o cónxuxe ou parella de feito, ascendentes maiores de 65 anos, descendentes ou persoas vinculadas á persoa beneficiaria por razón de tutela e/ou acollemento de menores de 25 anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade, sempre que convivan coa persoa beneficiaria e dependan economicamente da mesma.

Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración o porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.

Non se computarán na determinación do patrimonio os bens e dereitos aportados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código Civil, da Lei de Enxuízamento Civil e da Normativa Tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa beneficiaria, mentras persista tal afección. Non obstante, se computarán as rentas derivadas do dito patrimonio que non se integren no mesmo.

Na consideración do patrimonio se terá en conta a idade da persoa beneficiaria e o tipo de servizo que se presta.

O período a computar na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vence na data de presentación da solicitude.

No obstante, cando a capacidade económica da persoa beneficiaria só provenga da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos, o período a computar será o correspondente ao exercicio no que se presente a solicitude.

Así mesmo, se computarán as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa beneficiaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, nos termos recollidos na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, de 7 de decembro, poa que se modifica a Lei 2/1981, de 25 de marzo, de regulación do Mercado Hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias (copago):

Para o servizo de axuda no fogar para as persoas que teñen o recoñecemento da situación de dependencia, e que lles asisea o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o Concello de Marín establece a da proposta 16ª.8 da Resolución de 13 de xullo de 2012, da Secretaría do Estado de Servizos Sociais e Iguadade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención á dependencia, da seguinte forma:

A capacidade económica mínima da persoa beneficiaria vendrá referida á cuantía mensual o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiple (IPREM).

A participación da persoa beneficiaria no coste do servizo se determinará mediante a aplicación das seguintes fórmulas, que garantizan a diminución proporcional do coste en función do número de horas de atención.

1º. De 21 a 45 horas mensuais:

$$PB = ((0,4 \times IR \times CEB) / IPREM) - (0,3 \times IR)$$

2º. De 46 a 70 horas mensuais:

$$PB = ((0,3333 \times IR \times CEB) / IPREM) - (0,25 \times IR)$$

Onde:

PB: Participación da persoa beneficiaria.

IR: Coste hora servizo de axuda no fogar.o.

CEB: Capacidade económica da persoa beneficiaria.

A persoa beneficiaria participará no coste do servizo, en todo caso, con 20 euros, si a cuantía obtida na aplicación da fórmula resulta negativa ou inferior a esta cantidade.

ARTIGO 16º. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar na modalidade de acceso de libre concorrencia.

1. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

- a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

2. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o Concello de Marín establece a regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido nos párrafos anteriores, o abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos sociais Comunitarios e o seu financiamento; na seguinte táboa:

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,5	Entre o 60% e o 90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

CAPITULO V OUTRAS DISPOSICIÓNS

Disposición derogatoria

Queda derogado o Regulamento do Servizo Municipal de Axuda no Fogar do Concello de Marín de de 14 de marzo de 2005.

A N E X O I

- Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència. (Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar).

A N E X O II

- Proxecto de inserción (Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar).

A N E X O III

- Acordo do Servizo (Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar).

Disposicións derradeiras

Primeira –A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o texto da mesma no boletín oficial da provincia e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local

Marín, a 20 de decembro de 2012. – A Alcaldesa de Marín, María Ramallo Vázquez.

2012012072